



Orientación educativa

Introdución

No teu centro existe un Departamento de Orientación (DO), e entre as súas funcións está a de prestar unha orientación educativa e profesional que favoreza o logro dunha formación personalizada e posibilite que teñas unha educación integral en coñecementos, destrezas e valores que permitan o teu desenvolvemento como persoa.

En que te pode axudar o Departamento de Orientación (DO)?

- Na mellora do teu autoconhecimento.
- Na elección entre as diferentes opcións académicas para continuar estudos.
- Na toma de decisións ante diferentes alternativas profesionais.

Con que axudas podes mellorar o teu rendemento académico?

- Coa axuda do teu profesor/a titor ou outro docente.
- Coa axuda do Departamento de Orientación (DO).
- Coa axuda da túa familia e dos teus compañeiros/as.
- Con información recollida de diferentes medios (libros, internet...).
- Pero, sobre todo, coa túa propia organización, coa túa responsabilidade e co teu compromiso co estudo.

No teu centro existe un Plan de Acción Titorial (PAT), pero sabes en que consiste?

Neste PAT colaboran varios profesionais e recolle un conxunto de actividades para desenvolver, na túa clase ou centro, tendo en conta temas do teu interese e outros fundamentais para o teu desenvolvemento como persoa (educación afectivo-sexual, drogodependencias, resolución de conflitos, organización do tempo de estudo e de lecer, relacións coa familia...)

Como che pode axudar o DO na elección entre as diferentes opcións académicas e profesionais?

O DO, xunto co teu profesor titor ou titora, poderá ofrecerche información e asesoramento nos seguintes aspectos:

- Identificación dos teus intereses e das túas preferencias respecto do que che gusta aprender
- Valoración dos teus puntos fortes e débiles respecto das túas capacidades.
- Informar e sopesar as posibilidades da oferta educativa da túa zona ou doutra zona xeográfica e as posibles axudas económicas para continuar estudos, se estas fosen necesarias.

Cando rematas a ESO, que podes facer?

Se todo foi ben, terás o título de Graduado na ESO, pero pode non ser así. En ámbolos dous casos tes diferentes alternativas:

a) Co título de graduado na ESO:

- Estudar Bacharelato, en calquera das 3 modalidades.
- Estudar Formación Profesional Específica de Grao Medio, nas diferentes familias profesionais e modalidades (presencial e a distancia).
- Estudar Ensinanzas de Réxime Especial: Artísticas, Deportivas e Idiomas.
- Preparar oposicións a determinados postos da administración xeral e de seguridade pública ou forzas armadas.
- Acceder ao mundo laboral, a postos de menor esixencia formativa.

b) Se non acadaches o título de graduado na ESO:

- Estudar un Programa de Cualificación Profesional Inicial (PCPI).
- Estudar ESO para adultos. Finalidade: título de graduado en ESO.
- Presentarte á proba libre para a obtención do título de grado en ESO.
- Presentarte á proba de acceso a Ciclos Formativos de Formación Profesional.
- Estudar cursos de Formación Ocupacional.
- Acceder ao mundo laboral, a postos con escasa esixencia formativa.

Cando rematas Bacharelato, que podes facer?

Se todo foi ben, terás o título de Bacharelato, pero pode non ser así. Alternativas:

a) Co título de Bacharelato:

- Continuar estudos universitarios de grao.
- Estudar Formación Profesional Específica de Grao Medio e Superior.
- Estudar Ensinanzas de Réxime Especial (E. Artísticas, E. Deportivas e Idiomas).
- Preparar oposicións a determinados postos da administración xeral e de seguridade pública ou forzas armadas.
- Acceder ao mundo laboral.

b) Sen o título de Bacharelato:

- Estudar Formación Profesional Específica de Grao Medio.
- Estudar en Educación de Adultos para a obtención do título de Bacharelato.
- Presentarte á proba para o acceso a Ciclos Formativos de Formación Profesional de Grao Superior.
- Preparar oposicións a determinados postos da administración xeral e de seguridade pública ou forzas armadas.
- Acceder ao mundo laboral.

Máis información

- **No Departamento de Orientación do teu centro.**
- **No espazo web da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria:** www.edu.xunta.es/web/diversidadeorientacion